

2017
26 de outubro
día do dano
cerebral
adquirido



VERSIÓN EN LECTURA FÁCIL

Manifesto día 26 de outubro:

*Persoas con **dano cerebral adquirido** e as súas familias: Realidades invisibles*

Manifesto: é un escrito breve que un grupo dirixe ás persoas para expor e defender un tema, unha necesidade...

Dano Cerebral Adquirido: son as persoas que non naceron con dano cerebral pero que ao longo da súa vida sufriron unha lesión cerebral que lle afecta no funcionamento mental, emocional, no comportamento e/ou físic.

Manifiesto día 26 de outubro: Persoas con **dano cerebral adquirido** e as súas familias: Realidades invisibles

En España viven 420.000 persoas con dano cerebral.

A sociedade aínda non proporciona **apoios** suficientes ás persoas con dano cerebral.

Tampouco se lles ofrecen oportunidades.

Por estes motivos, a Federación Española de Dano Cerebral denuncia que as persoas con dano cerebral son invisibles, non se ven, non as coñecen, por iso realizamos este manifiesto.

O 26 de outubro de 2017 celébrase o Día Nacional do Dano Cerebral.

Algúns exemplos de dano cerebral son os infartos no cerebro, os golpes na cabeza, tumores cerebrais, a falta de osíxeno en sangue ou outras lesións no cerebro.

Cada ano 104.000 persoas sofren dano cerebral.

Moitas destas persoas teñen **secuelas** producidas polo dano cerebral. Algunhas

Apoios: é a axuda que necesita unha persoa para realizar as actividades básicas da súa vida diaria. Por exemplo, lavarse as mans, vestirse ou coller un autobús.



As persoas con dano cerebral adquirido non teñen apoio suficiente para coñecer as súas necesidades

Secuela: son os trastornos ou lesións que quedan tras a curación dunha enfermidade ou un traumatismo.

destas secuelas permanecen o resto das súas vidas.

As persoas que non coñecen o dano cerebral teñen dificultades para entendela porque algunhas das **secuelas** non se poden ver.

Actualmente é moi importante ter unha boa calidade de vida e a inclusión social (poder participar na sociedade como todo o mundo) das persoas con dano cerebral.



Algunhas veces o Estado esquécese diso.

Tamén é importante atender ás necesidades das familias destas persoas.

É necesario crear lugares especializados para a inclusión social das persoas con dano

cerebral, por exemplo, centros para persoas con dano cerebral adquirido.

Que facer para mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral?

- Crear unha **estratexia** en toda España para coordinar os recursos e axudas sanitarias e sociais que teñen as persoas con dano cerebral, por exemplo as axudas a domicilio, os médicos, as pensións.
- Crear un apartado chamado "**Dano cerebral adquirido**" para identificar as necesidades e apoios das persoas afectadas por dano cerebral para saber o que lles fai falta e poder solucionar os seus problemas.
- Crear un **censo** de persoas con dano cerebral para coñecer o número de persoas e as súas necesidades.
- Incluír ás familias como **destinatarias** das axudas na atención ao dano cerebral.
- Incluír as **necesidades** das persoas con dano cerebral que teñen máis problemas.
Por exemplo, as persoas que teñen

Estratexia: son os pasos a seguir para conseguir un fin.

Censo: é o número de persoas con dano cerebral.


Destinatarias: son as persoas ás que vai dirixido o apoio.

alteracións de conduta, ou as que están en risco de exclusión social.

A Federación Española de Dano Cerebral agradece a todas as persoas e organizacións que melloran a calidade de vida das persoas con dano cerebral.

O día 26 de outubro queremos que sirva para que a sociedade coñeza ás persoas con dano cerebral e saiban que é o que necesitan.





Este pictograma informa que o texto ao que acompaña é de lectura fácil. A información que se dá no texto é a mesma que a orixinal pero mediante frases cortas, expresións sinxelas e imaxes accesibles. No proceso de adaptación a lectura fácil participaron persoas con dificultades de comprensión lectora. En moitos lugares de Europa xa se emprega este sistema. Moitas persoas din que coa lectura fácil están mellor informadas. En lectura fácil, algunhas veces non se poden empregar en toda a súa extensión as normas de redacción en referencia á igualdade de xénero.

Este manifesto na súa versión de lectura fácil foi elaborada de forma desinteresada polo Instituto Lectura Fácil ([Máis información institutolecturafacil.org](http://MasInformacionInstitutoLecturaFacil.org))

Agradecementos:

Neste documento participaron desinteresadamente profesionais e colaboradores do **Instituto Lectura Fácil**. Queremos deixar constancia do noso agradecemento ás seguintes persoas e entidades:

Jorge-Martín Pérez García. Instituto Lectura Fácil.

Inmaculada Llovet García. Instituto Lectura Fácil.

Luis Lanne-Lenne Ortega. Cuarto Sector.

José Luis Castaño Chaparro. Cuarto Sector.

Javier Zurita Muñoz. EAPN Andalucía. Red Andaluza contra la Exclusión y la Pobreza.

Laura Hinojosa Gutiérrez. ANIDI. Asoc. Nazarena de personas con discapacidad intelectual.

Juan Francisco Barea Castillo. ANIDI. Asoc. Naz. de personas con discapacidad intelectual.

Laura Monje Rivero. ANIDI. Asoc. Nazarena de personas con discapacidad intelectual.

Antonio Valle Jiménez. Asoc. Nazarena de personas con discapacidad intelectual.

Yolanda Rodríguez García. Asoc. Nazarena. de personas con discapacidad intelectual.